

**INVESTIGACIÓN****O ILG rastrea máis de 25.000 apelidos nun estudo pioneiro**

21.11.2006 Un buscador en rede posibilita a consulta da distribución xeográfica da onomástica galega .. A ferramenta, presentada onte por Ana Boullón e Xulio Sousa, pescuda na procedencia, frecuencia e espallamento

AXENCIAS • SANTIAGO

O Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela (USC) desenvolveu un proxecto que permite coñecer a distribución xeográfica en Galicia de máis de 25.000 apelidos mediante a súa representación cartográfica nun mapa de concellos. Trátase dunha ferramenta pioneira nos estudos onomásticos hispánicos, xa que aínda que se poden atopar *webs* semellantes referentes aos apelidos italianos, franceses ou ingleses, é a primeira vez que se fai tomando como base os dun territorio de España ou Portugal.

No traballo partiuse dos apelidos proporcionados polo Instituto Galego de Estatística pertencentes ao censo de poboación de 2001, que inclúe datos de 2.750.648 persoas.

A investigación, elaborada en colaboración coa Real Academia Galega (RAG) e coa axuda do Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) permite coñecer tamén a frecuencia dos apelidos.

O traballo, a Cartografía dos Apelidos de Galicia, presentouse onte no Colexio de Fonseca, nun acto no que participaron os responsables da investigación, Ana Isabel Boullón Agrelo e Xulio Sousa Fernández; o director do Seminario de Onomástica da RAG, Antón Santamarina Fernández; e o director xerente do Cesga, Javier García Tobío.

O proxecto posibilitalles aos galegos a pescuda do mapa do seu apelido, fornecéndolle diversas informacións como os lugares onde é máis frecuente, o número deles por concello e no total de Galicia, así como eses mesmos datos de maneira proporcional.

A ferramenta crese que vai ser de moita utilidade para os estudosos da onomástica, xa que ofertará unha importante fonte de datos de consulta da que na actualidade gozan moi poucos ámbitos lingüísticos.

Mediante a distribución actual dun apelido pódese saber de onde procede, cal é a vía de introdución dunha palabra, examinar as áreas de fenómenos fonéticos e morfolóxicos ou comprobar determinados fenómenos inmigratorios como os apelidos dos cataláns.

A ferramenta pódese consultar a través dunha aplicación accesible nunha páxina web (<http://servergis.cesga.es/website/apelidos/viewer.asp>) ou desde a páxina do Instituto da Lingua Galega (www.usc/ilgas).

CASTELANIZACIÓN**O país dos miles de Rodríguez**

A lista de apelidos galegos encabézaa Rodríguez, con 236.756 correspondencias e o 8,6896% do total; seguida de Fernández, González, López, García, Pérez ou Martínez. Todos eles patronímicos de orixe medieval que fan referencia a "fillo de Rodrigo, Fernando, Gonzalo, etc" e proceden do norte da península. En oitavo lugar sitúase o primeiro apelido puramente galego, Vázquez, que xunto con Castro (11º lugar) son os máis comúns. Os responsables do informe destacaron que en Galicia predominan as formas latinas e xermánicas dos apelidos, mentres "escasean" os de orixe árabe ou prerrománica. Ademais, subliñaron que Galicia conserva case "invariables" os seus apelidos desde o século XIII e a Idade Moderna. Apuntaron que nos últimos séculos se detectou unha gran variedade de formas nas cidades, polas migracións; así como unha "profunda castelanización", principalmente en formas como Otero e Villa, orixinalmente Outeiro e Vila .